

CONCELLO  
DE VIGO



Vigo  
'24  
cultura



FEBREIRO · ABRIL — \* — 2024

## ESPECTÁCULOS



Maxia



Teatro



Teatro de rúa



Circo



Monólogo



Danza



Monicreques



Música



Clown

## IDIOMAS



Castelán



Galego



Sen texto

## IDADE



Público adulto



Público familiar



Idade recomendada

# SÁBADO • 3 febreiro

19:00h. Percorrido: Rúa do Príncipe,  
dende o Marco ata a Porta do Sol

CONCELLO  
DE VIGO



## PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN

## O BOSQUE VIVIENTE

Sarao Producción&Animación

### Teatro de rúa

Sen vida non temos bosques e sen bosque non temos vida. Admírenos a súa beleza, alegría e fantasía. As personaxes deste bosque veñen convencernos de que temos que admirar e coidar a natureza.

Aínda que o espectáculo se estreou en 2019, modificouse algunha personaxe para desenvolver a obra neste pasarrúas, engadindo luz led ás personaxes, para facer que a maxia do espectáculo sexa aínda maior.

O espectáculo está deseñado para deleitar a persoas de todas as idades, desde 1 ata 100 anos. A proposta céntrase en involucrar aos máis cativos e adultos por igual nun espectáculo que crea momentos únicos e especiais para toda a familia.

Cremos na importancia de fortalecer os lazos familiares a través do entretemento e este pasarrúas está deseñado para logralo. Con elementos que encantan aos máis novos e seducen aos máis maiores, estamos seguros de que a nosa presentación será unha experiencia inesquecible para todos.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



TODOS OS  
PUBLICOS

70  
minutos

# VENRES • 9 febreiro

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## TRANSYLVANIAN SUITE

### Basilio Martí-Trío

#### Música

TRANSYLVANIAN SUITE é o último traballo e o máis persoal do compositor, pianista e arraxista vigués Basilio Martí, onde plasma a súa visión da música instrumental contemporánea, xuntando nos seus traballos todas as influencias e estilos nos que tocou e traballou: música de

cinema, pop, rock, jazz, música clásica, psicodelia... todo iso enfocado para ser tocado en formato de trío de jazz con piano, contrabaixo e batería. Ademais sons de sintetizadores ou toques electrónicos fúndense nunha amálgama de ritmos e sons actuais. En Basilio Martí-Trío está acompañado por Javier Santana ao contrabaixo e Jorge Santana á batería, músicos de longo historial e que engrenan á perfección a música de Martí. O trío ten participado en varios festivais de jazz e ten tocado en salas de toda España.

TRANSYLVANIAN SUITE é unha homenaxe jazzística á película de F.W. Murnay "Nosferatu", estreada en 1922 e considerada por moitos como a obra mestra do expresionismo alemán cinematográfico. O recital tamén inclúe un tributo a Radiohead coa versión de Weird Fishes, unha das cancións máis emblemáticas de In Rainbows, o álbum publicado en 2007 pola banda británica, dando lugar a unha interesante fusión de influencias de diferentes épocas e correntes.

Basilio Martí recibiu dous galardóns como compositor de Música de cine: o Premio Internacional da Asociación de Compositores de bandas sonoras de Francia no Festival de Cinema Hendaia por «Instantánea» e o Premio á mellor banda sonora no Festival Rodando por Xaén por «Cara a montañas azuis». Como músico colaborou e compartiu escenarios con Antonio Vega, Alejandro Sanz, Estopa, Miguel Ríos, Manolo García, Ana Belén, Molly Duncan, Bob Sands e moitos outros artistas nacionais e internacionais. Javier Santana, empezou a tocar o baixo aos 14 anos emulando ao seu pai Quique Santana, baixista profesional, e formouse con mestres como Carles Benavent en seminarios de jazz ou como Andrés Olaegui en harmonía e improvisación. Jorge empezou estudando piano e sofoxe aos oito anos para máis adiante especializarse en batería. Os seus estudos engloban desde o jazz clásico e moderno, pasando pola flamenco fusión, ata o pop, o rock progresivo e o metal, o que lle abriu moitas portas á hora de tocar en formacións de estilos moi diferentes.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



TODOS OS  
PUBLICOS

90  
minutos

5€

# SÁBADO • 10 febreiro

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## A NAI

### AmorodioTeatro

Teatro documento, comedia

**Reparto (orde alfabética):** Carmen Facorro, Javier Castiñeira, Yaiza Queiruga

**Equipo artístico:**

**Dirección:** Marián Bañobre

**Dramaturxia:** Laura Porto

**Escenografía:** As dúas e punto

**Iluminación:** Violeta Martínez

**Vestiarío:** Raquel Crespo

**Audiovisuais:** Einibó

**Grafismos:** Xoán Bregoa

**Axudante de produción:** Maite Martínez

**Deseño de cartel:** Inés Sueiro

**Produce:** AmorodioTeatro

**Subvención:** Agadic-Xunta de Galicia

**Colaboran:** Concello de Ribadavia / Concello de Rianxo /  
Concello de Caldas de Reis / Concello de Santiago de  
Compostela / Confeitaria SILA / Viña Costeira

A Nai é un espectáculo teatral multidisciplinar que emprega ferramentas do teatro documento e da autoficción, sen perder nunca o sentido do humor. O espectáculo explora, a través das figuras das irmás Lola, Julia e Amparo Touza, e as súas fazañas como salvadoras dunha cantidade estimada de 500 persoas durante o Holocausto, a posibilidade de sermos mellores persoas en tempos de degradación moral.

Empregando a memoria como ferramenta de análise para o presente e material de construción para o futuro, trazaremos relacións entre a vida e a obra das irmás e as nosas propias vidas, tratando de establecermos un paradigma de acción ética que abra unha vía para construír unha sociedade mellor a través da acción individual.

"A Nai", recibiu o premio Luisa Villalta da Deputación de Coruña a proxectos pola Igualdade no ano 2022.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



# DOMINGO • 11 febreiro

18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## MAMUT

### Markeliñe Teatro

Teatro xestual

**Ficha artística:**

Guión y Dirección: MARKELIÑE

Intérpretes: Nerea Martínez, Fernando Barado e Maite Bayón

Dir. Técnica: Pako Trujillo

Atrezzo: Javi Fernandez

Vestuario: Maite Hernandez

Escenografía: Marco Sotes S.L.

Música: Xabier Zeberio

Coordinación: Iñaki Egiluz

Producción: Joserra Martínez

Tres personaxes homínidos distintos refúxianse da ameaza dos lobos xunto aos restos óseos dun mamut. E na súa loita pola supervivencia deciden entenderse, cooperar e crear xuntos a pesar das súas diferenzas. O mamut e os seus ósos convértese en utensilio e ferramenta para a creatividade. Desta maneira, o descubrimento da ficción convértese no achado máis poderoso porque abre a porta a outras realidades e posibilidades. Así, cada invención ou novo descubrimento é como un nó novo co que se vai atando a nosa existencia.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



# VENRES • 16 febreiro

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## AQUÍ TOU

Ainé Producións / Xosé A.  
Touriñán

Monólogo de humor

### Ficha artística e técnica:

Texto: José L. Prieto e Xosé A. Touriñán

Actor: Xosé A. Touriñán

Dirección de produción: Álvaro Pérez Becerra  
e Javi Lopa

Distribución: Carlos Abal

Deseño: Saúl Rivas e Laura Mahía

Comunicación: Saúl Rivas

Fotografía: Aigi Boga

Vídeo: Jairo Iglesias

Técnico: Gonzalo Porteiro

Administración: Elisa Martínez, Sofía García

Produción: Laura Canto, Carlos Abal e Laura Sixto

En *Aquí Tou!*, Touriñán fai un percorrido pola súa vida, dende a súa concepción nunha noite de San Xoán ata un posible epitafio. Momentos chave do seu camiño vital cos que, como galegos, todos nos sentimos identificados. Mesturando realidade con ficción, tenrura e picardía, anécdotas propias e cultura popular galega, Touriñán lévanos da man pola súa vida cun monólogo no que conta e representa partes da súa vida, e da serie de boas e malas decisións que, xunto cos feitos casuais, levárono a ser o que hoxe é.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



GAL

Adulto  
(+14)

70  
minutos

8€

# SÁBADO • 17 febreiro

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## APAGA O CANDIL

Contraproducións SL

Comedia

### Ficha artística e técnica:

Elenco: Avelino González / Toni Salgado  
Autoría / Texto: Cándido Pazó  
Dirección: Cándido Pazó  
Espazo sonoro e musical: Xurxo Souto / Richi Casas  
Iluminación e técnica: Miguel Cabaleiro / Afonso Castro  
Escenografía: Pablo Giraldez "O Pastor"  
Vestuario: DE COTÍO  
Asesoría na baila: Chus Caramés  
Cartaz: Juan Gende  
Técnico de gravación: Timás Ageitos

Noite de luar. Encrucillada de camiños. Entra en escena un home miúdo e melancólico. É o personaxe d' O Xestal.

Cun candil na man, vestido de repoludo gaitero rosaliano, sáelle ao paso un mozo novo e garrido. É a morte.

O personaxe d'O Xestal négase a recoñecer a morte en tan atípica fasquia. Cando finalmente a recoñece resístese a seguila, establecéndose entre eles unha dinámica e amena tirapuxa na que se entrefreán os episodios máis significativos da vida d'O Xestal con algún dos seus contos máis divertidos.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



GAL

Adulto

75  
minutos

5€



# DOMINGO • 18 febreiro

**Funcións ás 12:00, 16:30 e 18:00 h.**  
AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



**! ESPECTÁCULO PARA BEBÉS (aforo super reducido)**

Todas as persoas, incluídos bebés, pagarán entrada.

A organización recomenda no espazo de representación (escenario) só unha persoa adulta por neno/a ou grupos de neno/s. O resto do público poderá sentarse de balde no patio de butacas, con

## BRILLA BRILLA Trémola Teatro

**Teatro sensorial**

**Autoría e Dirección:** Paula Regueiro e Lucía L. Golán

**Elenco:** Rebeca Solla e Paula Regueiro

**Escenografía e vestuario:** Trémola teatro

A estreliña Vela está moi triste porque aínda non aprendeu a brillar, pero grazas á axuda da súa amiga Lyra e do montón de cousas divertidas que lle levou para xogar, poderán conseguir que Vela brille por fin? Brilla Brilla, é unha obra de teatro sensorial para bebés coa que poderán aprender valores tan importantes como é compartir. A través de diferentes elementos sensoriais (campás, confeti, luz led, instrumentos...) os máis pequenos/as da casa gozarán desta emocionante aventura.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



# VENRES • 23 febreiro

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## ILUSIONANTE

### Illusions Works SL

#### Pedro Volta

#### Ilusionismo

O ilusionista Pedro Volta presenta o seu show de maxia familiar ILUSIONANTE. Non perdas este show especial para vivir en familia unha experiencia ILUSIONANTE no teatro. Un show de maxia creado para estes tempos. Pedro Volta acertará predicións imposibles cos espectadores, verás maxia ultra moderna e emocionante inspirada no seu soño de neno de ser astronauta e en series e películas como a Casa de Papel, Regreso ao futuro ou Mandalorian. Todo iso acompañado dunha gran pantalla para que non perdas detalle en todo momento e alucines coa súa maxia. O ilusionista Pedro Volta, (semifinalista de Got Talent e director artístico de Galicia Magic Fest) fará que pasedes unha tarde ILUSIONANTE chea de maxia, emoción e asombro en familia. Lembra que os nenos teñen que seguir soñando; e nós tamén.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



SÁBADO • 24 febreiro

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## ENTREGA EN MAN

Contraproducións SL

Comedia

**Ficha artística e técnica:**

**Elenco:** Evaristo Calvo, Santi Romai, Maria Roja, Diogo Sales  
**Dirección:** Cándido Pazó  
**Autor:** Martin McDough  
**Música:** Guillermo Fernández  
**Espazo sonoro:** Gillerme Fernández  
**Escenografía:** Pablo Giraldez  
**Iluminación:** Alfonso Castro

Na cotrosa habitación dun cutre hotel dunha pequena e anónima vila americana, un home maduro e excéntrico ofrece unha recompensa por recuperar a man que, nun acto de cruel e gratuíta violencia, lle cortaron 27 anos atrás e que, desde aquela, leva buscando sen descanso. Un xove negro e a súa fermosa e branca moza pretenden enganalo ofrecéndolle unha man que, loxicamente, non é a súa. O estraño recepcionista do hotel extremétese e pon en risco a insólita transacción. Unha comedia louca e denegrida na que, da man dun humor mordaz e corrosivo, zumega o tema do racismo, o machismo e a xenofobia.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



GAL

Adulto

90  
minutos

5€

# DOMINGO • 25 febreiro

18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## SOLO Roi Borrallas

Clown e teatro con obxectos

### Equipo artístico:

Idea orixinal: Roi Borrallas  
Interpretación: Roi Borrallas  
Deseño son e luz: Joan Cot Ros  
Mirada externa: Joan Cot Ros  
Voz en off: Julián González  
Téxtiles: Mina Trapp  
Deseño escenografía: Roi Borrallas  
Fotos: Alex Griffin, Txus García y ACM

### Premios:

Premio Fetén 2023 á mellor interpretación  
Premio Zirkolika 2022 ao mellor espectáculo de pallasos  
Espectáculo recomendado pola Rede Nacional de Teatros

O hábitat natural de calquera pallaso é a escena, co seu público. Pero que pasa cando queda só? É no camerino onde se mestura a persoa e o personaxe. Onde se desdubuxa a liña que os separa. Un limbo que non é o escenario nin a vida real. É nesa fronteira onde ten lugar este espectáculo. Pasen e vexan a traxenda deste artista, as súas ideas e tolemias. Vexan como se defende da soidade e a rutina con imaxinación e humor. Pasen e vexan o que ninguén ve. Unha persoa ante si mesma. Un actor sen público, un pallaso cando ninguén o observa.

SOLO é un espectáculo onde se combinan monicreques, manipulación de obxectos, máscaras e sobre todo comicidade. Ideal para localizacións íntimas tanto en exterior como interior. Un espectáculo onde a cuarta parede está representada por un marco de espello que separa ao artista da audiencia. A través do cal poderán ver a este personaxe dando renda solta á súa imaxinación. Coreografías faciais, máscaras con espuma de afeitar, óperas épicas... son algunhas das ferramentas que utiliza esta peza para, a través do humor, falar da soidade e das máscaras que todos nos poñemos a diario.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



# VENRES • 1 marzo

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## GRACIAS POR VENIR, TRIBUTO A LINA MORGAN

Compañía Teatro Arlequín  
Gran Vía

Comedia revista

**Dirección:** Cari Antón

**Reparto:** Celia Díaz, Ana Torres e Javier Arriero

*Gracias por venir*, comedia escrita por Cari Antón, unha directora consagrada dentro do xénero da comedia de enredos, presenta unha homenaxe á mellor cómica do século XX: a gran Lina Morgan.

Celia Díaz dá vida a Lina Morgan ou Ramy a protagonista, que se presenta á axencia O Barco, dirixida pola vedete Marian, interpretada por Anta Torres. Unha vedete das de antes, chea de sensualidade e picardía, que presenta un vestiario espectacular cheo de abelorios e plumas. Ante ela, Ramy verá perigar a súa relación de toda a vida xa que Hipólito, interpretado por Javier Arriero, deixárase levar polas delicias da vedete, volvendo tolas ás dúas protagonistas.

Gracias por venir non só é unha comedia de enredos; é unha revista onde se combina o burlesque e o vodevil, onde a música cobra pleno protagonismo, aderezado cun guiño impregnado de humor. Ao longo da obra podemos gozar de cancións como "Eu son a vedete", "A Moza do dezasete" e por suposto a obra dálle nome á peza "Gracias por venir".



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



CAS

TODOS OS  
PUBLICOS

80  
minutos

8€

# SÁBADO • 2 marzo

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## MADE IN GALIZA

Sarabela Teatro

Teatro

### Ficha artística e técnica:

Made in Galiza de Sechu Sende

Dirección: Fina Calleja

Dramaturxia: Fernando Dacosta e Fina Calleja

Elenco: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo e Josito Porto

Deseño de escenografía: amenosde7metros

Deseño de iluminación: José Manuel Bayón

Soportes Visuais: Iris Branco

Deseño de vestiario: Tegra e Lele/ Sarabela Teatro

Campo sonoro: Renata codda Fons

Fotografía: Rubén Vilanova

Gravación en Dvd: Alba V. Carpentier

Distribución: Culturactiva/ Sarabela Teatro

Técnicos de luz e son: José Bayón/ Rubén Dobaño

Deseño gráfico: Peatón Gráfico

Produción: Fina Calleja

Agradecementos: Cine Clube Padre Feijóo, Universida-  
de de Vigo-Campus de Ourense, Ruth D. Pereira, IGMIG.

Como quen se deixa roubar o seu tesouro máis prezado, a actitude das galegas e dos galegos respecto á súa lingua non "resistiría" ningunha análise. E será que o galego é a lingua máis difícil do mundo? E será que deberemos constituír unha oficina de palabras perdidas? Palabras perdidas, roubadas... Fronte ao "es que no me sale", "es que no se me da" "MADE IN GALIZA" é un convite á República Independente da nosa lingua. Non imos perdela nin en soños!

A obra de Sende (Padrón, 1972) abre as portas ao humor reflexivo, á poética ao alcance de todo o mundo, a través dun texto que move e conmove. O teatro feito emoción, sentimento, plasticidade e confronto. Cada historia é diferente e está protagonizada por personaxes retranqueiros, combativos, tenros, cómicos e poéticos. Aguerrida defensa da lingua galega.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



GAL

Adulto  
(+12)

55  
minutos

5€

# DOMINGO • 3 marzo

18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## O RAPTO DA BEFANA

Olivas Negras

Teatro

### Ficha artística e técnica:

**Idea orixinal:** Sonsoles Cordón

**Dirección:** Nuria Sanz

**Texto e dramaturxía:** Paula Carballeira

**Música orixinal:** Klaus Martínez Veiga

**Elenco:** Sergio Alfonso, Pablo Carrera, Germán Gundín,  
Rosa Puga, Diego Roca e Leonor Sangabriel.

**Iluminación e espazo escénico:** Beatriz de Vega

**Vestuario:** Raquel Crespo

**Máscaras:** As dúas e punto

**Fotografía:** Sabel Sabín

**Vídeo:** Ollomol Producións

**Produción e distribución:** Sonsoles Cordón

**Produce:** Olivas Negras

**Subvención:** Agadic-Xunta de Galicia

**Colabora:** Concello de Gondomar

Durante só unha noite de xaneiro, a bruxa Befana reparte agasallos e comida polas casas. Colombina, farta de traballar e de ser pobre, ten unha idea: raptar a Befana e así nunca lle faltará nada, pero Arlequín e Polichinela escoitan o seu plan. Arlequín quere chegar antes ca ninguén onda Befana para demostrarlle a Colombina que é máis listo ca ela. O Capitán vai con el, sobre todo porque non quere quedar só. Polichinela consegue a axuda de Pantalone e os seus cartos para indagar onde vive Befana. E Befana, sen sospeitar o que lle espera, viaxa na súa góndola pola terra, polo aire e pola auga, cambia de calcetíns, que é a cousa que máis lle gusta no mundo, e garda nos zapatos a súa maxia.

Nesta historia presentámosvos personaxes que veñen de Italia, unha pequena aventura, varios enredos, moita música, alegría e comedia.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



SÁBADO • 9 marzo

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



Día Internacional da Muller

## HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA?

Chévere

Teatro

### Ficha artística e técnica:

En escena: Patricia de Lorenzo, Chusa Pérez, Ángela Ibáñez  
Dramaturxia e dirección: Xron  
Axudantía de dirección: Borja Fernández  
Espazo sonoro: Xacobe Martínez Antelo  
Iluminación: Fidel Vázquez  
Produción executiva: Patricia de Lorenzo  
Espazo audiovisual: Lucía Estévez

Espazo escénico: Nononon.lab

Son: Xurxo Pinheiro

Idea orixinal: Chusa Pérez

Creación: Chévere

Asesoramento e apoio en inclusión: Chusa Pérez

Produción, administración: Inés Portela

Asesoramento en lingua de signos: Ramón Costoya Lens

Distribución: Cremilo/Carlos M. Carbonell

Comunicación: Xana García

Unha co-produción de Chévere co Centro Dramático Nacional e co Teatre Lliure, con apoio de AGADIC/Xunta de Galicia. Colaboran: Centro Dramático Galego, Concello de Ames, ONCE, Sala Ártika. Obra en lingua oral (galego) e lingua de signos (LSE), con textos proxectados en galego.

Todo comeza ao descubrir a historia dunha muller, totalmente descoñecida para Chévere, chamada Helen Keller. Nacida en Tuscumbia (Alabama), convértese nunha celebridade mundial ao ser, segundo as fontes oficiais, a primeira persoa xordocega en obter un título universitario en 1904 en Harvard, despois dun duro proceso de aprendizaxe dende os oito anos. Polo menos esta é a parte da súa vida que se fixa na memoria colectiva, como un modelo exemplar de superación da discapacidade. E polo que se sabe, a maioría dos seus escritos acaban rescatados como simples aforismos motivacionais. Pero ao investigar en varios arquivos dixitais norteamericanos vanse descubriendo outras facetas desconcertantes da súa vida, que son sistematicamente ocultadas. E o máis sorprendente, nos últimos anos difúndese masivamente polas redes sociais unha campaña que afirma que a historia de Helen Keller é falsa, incluíndo unha petición en change.org para eliminala da historia.

Data de estrea: 15 de febreiro de 2024



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



GAL  
(LSE)

Adulto  
(+12)

90  
minutos

5€



# DOMINGO • 10 marzo

18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



Día Internacional da Muller

## IGUALDADE, ONDE ESTÁS? A Maga Fani

Maxia

### Ficha artística e técnica:

Ilusionista: A Maga Fani

Guión orixinal: A Maga Fani

Dirección: A Maga Fani e Martín Camiña

Deseño Iluminación: Ángel Modia

Vestuario: Producións Herméticas

A protagonista desta historia nace un 8 de Marzo de 1975. Considerando este feito a súa nai un claro sinal dunha misión, decide chamala Esperanza...“Esperanza Marzal”.

“Esperanza Marzal” traerá a igualdade: ela desexa que no século XXI as mulleres poidan ir tranquilas pola rúa, acadar os mesmos postos de traballo que calquera persoa, e pregúntase por que en moitas entrevistas nos medios de comunicación ás mulleres se lle pregunta polo seu físico, no canto de facelo pola súa actividade, a conciliación da vida laboral e familiar, a finalización de todo tipo de violencia de xénero, abusos etc.

Deste xeito, e a pesar de todas as celebracións do “Día da Muller”, segue sen palpar a “igualdade”, por iso irá na súa procura, utilizando a maxia e o humor.

Cumprirá a súa misión?...atopará a igualdade?...onde estás, igualdade?...u-la igualdade?

Espectáculo cheo de ilusións con cordas, cartas,...moito humor e participación do público, para tentar expor non só as desigualdades cotiás e históricas, senón tamén a importancia de erradicalas traballando nos ámbitos da educación e a cultura.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



GAL



65  
minutos

5€

# VENRES • 15 marzo

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



! AFORO SUPER REDUCIDO (espectáculo en escenario)

## CANCIÓNS AMARELAS, FLORES TRISTES

Manekineko

Teatro contemporáneo

### Ficha artística e técnica:

**Interpretación:** María Costas, Nacho Castaña, María de las Llanderas e Fran Nogueira

**Dirección:** Nerea Brey

**Texto:** Ernesto Is

**Espazo e iluminación:** Beatriz de Vega

**Vestuario:** Javier Lojo

**Espazo sonoro:** Nerea Brey e Ernesto Is

**Unha produción de Manekineko.**

**Colaboran:** Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e Coca-Cola.

Proxecto realizado no marco do Centro de Recursos Escénicos do Principado de Asturias.

Texto escrito no programa Antzerkigintza Berriak 2020 de novas dramaturxias de Euskadi.

Catro persoas de idades, xéneros, crenzas e realidades socioeconómicas moi diferentes, coinciden sempre no mesmo karaoke. Madrugada tras madrugada, as cancións e o alcohol mestúranse cos medos e cos problemas que os levan a refuxiarse neste lugar, onde constrúen os seus propios paraísos artificiais. Nestas noites de festa hai música, pero tamén silencio; miradas cómplices e mal intencionadas; luces de cores que iluminan o escenario e sombras trala porta do baño; copas escachadas contra o chan e brindes até o amencer; corpos suorentos, tristes e cansos que procuran outros corpos igual de suorentos, tristes e cansos; tarxetas de crédito co saldo esgotado; maquillaxe e perfumes baratos; bágoas que mollan as flores de plástico coas que se decoran as mesas; frustracións, temores... Pero, sobre todo, anhelos.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



GAL

Adulto

70  
minutos

5€

# SÁBADO • 16 marzo

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## QUE DIN AS RUMOROSAS

### Maquinarias Teatro

Teatro

#### Ficha artística e técnica:

Dirección: Paula Carballeira

Intérpretes: Marian Rei, Helga Méndez, Eugenia Sanmartín,  
Cristina Mariño, Caterina Barro, Carmen Cotelo

Espazo sonoro e arranxos musicais: Andrés Pazos

Dirección proceso creación colectiva e produción: Helga  
Méndez (Maquinarias Teatro)

Dramaturxia orixinal, caracterización, espazo escénico:

Marian Rei, Helga Méndez, Eugenia Sanmartín, Cristina  
Mariño, Caterina Barro, Carmen Cotelo

Xastra: Julia Momán

Vídeos distribución: Catu Martínez Vídeo (Teaser), e Iris  
Producións (Obra completa)

Fotos distribución: Carmen Pardo Photo

Deseño iluminación: Grupo Creativo RTA (Diego Vilar)

Cobertura técnica: RTA

Distribución: ARTYC

Unha comedia coral sobre como ser artista... e muller. Contra vento e marea, seis intérpretes do presente navegan con seis artistas galegas do pasado nun cruceiro atemporal no que destaparán os seus segredos máis íntimos, para rir delas mesmas e, sobre todo, da estrutura patriarcal do sistema artístico.

Un cóctel de humor e amor, no que as seis intérpretes, súper polifacéticas todas, interpretan, cantan e bailan para falar da ARTE COMO CAMIÑO INEVITABLE.

IV Premio "Luisa Villalta" a Proxectos pola Igualdade 2022 – Deputación da Coruña.

Maquinarias Teatro é unha compañía galega de Teatro Social con máis de 20 anos de experiencia na dirección e creación de espectáculos e na docencia en obradoiros de Artes Escénicas.

Non entende a Arte sen compromiso e traballa dende a memoria colectiva para poñer en valor a necesidade da escoita e dos afectos, e para observar con ollo crítico a sociedade que nos toca vivir.

Para tecer comunidade con amor e con humor, a compañía conta nesta ocasión cun elenco de mulleres da comarca de Ferrolterra e da Coruña, grandes traballadoras da escena e tecedoras de comunidade artística en feminino. Non é a primeira vez que Maquinarias Teatro viaxa con algunhas delas...

Neste proxecto embarcamos todas con ganas de dar guerra e de falar da situación da muller na arte con sentido... e sensibilidade: «RHUMOROSAMENTE».



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



GAL

Adulto

90  
minutos

5€

# DOMINGO • 17 marzo

18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## EL CUENTO DE PERSÉPOLIS

La Coja Danza

Danza

### Ficha artística e técnica:

**Dirección e creación:** Tatiana Clavel e Raúl León  
**Coreografía:** Paula Romero, Inka Romaní e Julia Zac  
**Interpretación:** Paula Romero, Irene Maestre e Noelia Sánchez  
**Dirección de movemento:** Santi de la Fuente  
**Escenografía:** Raúl León  
**Iluminación:** Diego Sánchez  
**Ilustración:** Eixa Isa  
**Música:** Damián Sánchez  
**Textos:** Maribel Bayona  
**Produción:** Tatiana Clavel

(Unha historia de ciencia ficción para imaxinar mundos alternativos)

A nosa historia comeza cando tres nenas que viven en diferentes planetas atopan o libro de Persépolis. A súa lectura xeraralles preguntas sobre a situación das mulleres na historia. A partir de aquí as nosas protagonistas comezarán unha viaxe pola historia, o espazo e o tempo que as levará a atoparse nun punto en común.

Con "O conto de Persépolis" rendemos homenaxe ás escritoras de ciencia ficción que coas súas obras literarias teñen cuestionado desde as marxes ao status das mulleres e as súas constantes perdas de dereitos. La Coja Danza nesta proposta para público familiar coida ata o último detalle e ofrece unha montaxe de extraordinaria beleza cun ritmo adecuado para as ávidas miradas da infancia. Para iso utilizan a confluencia entre o cómic, a danza, o videomapping e o cinema na escena, chegando a uns resultados sorprendentes.



# VENRES • 12 abril

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## 4X4

### Ron Lalá

Teatro

#### Ficha artística e técnica:

Elenco: Juan Cañas, Miguel Magdalena, Daniel Rovalher, Luís Retana e Diego Morales  
Creación colectiva: Ron Lalá  
Dramaturxia e letras: Álvaro Tato  
Composición e arranxos: Yayo Cáceres, Juan Cañas, Miguel Magdalena, Daniel Rovalher  
Dirección: Yayo Cáceres  
Dirección musical: Miguel Magdalena  
Vestiarío: Tatiana de Sarabia  
Escenografía: Ron Lalá e Tatiana de Sarabia  
Iluminación: Miguel Á. Camacho  
Técnico de luces: José Antonio Villegas  
Técnico de son: Ismael Aguilar  
Fotografía e audiovisuais: David Ruiz  
Prensa: María Díaz  
Administración: Juan Cañas  
Producción executiva: Martín Vaamonde  
Deseño de produción: Ron Lalá / Emilia Yagüe  
Distribución: Emilia Yagüe Producciones

#### Unha produción de Ron Lalá

Ron Lalá revive os mellores números dos seus inicios nesta selección de catro pezas de cada un dos catro primeiros espectáculos profesionais. En total, doce escenas independentes que revelan a evolución do talento literario, musical e escénico da compañía. Unha festa de humor cítrico e crítico, cancións en directo, poesía... e moitas, moitas gargalladas. Cunha posta en escena sinxela, esencial e directa, arroupados por uns poucos elementos e instrumentos musicais, o equipo actual de ronlaleiros ofrece en escena unha retrospectiva dos números que definiron o estilo inimitable da compañía.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



CAS

Adulto  
(+14)



90  
minutos



8€

# SÁBADO • 13 abril

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## NON É UNHA CANCIÓN Souvenir

Teatro

### Ficha artística e técnica:

**Dirección, dramaturxia e interpretación:** David Alonso e María de las Llanderas  
**Deseño de iluminación e escenografía:** Violeta Martínez  
**Deseño e confección de vestiario:** Carmen Triñanes e Daniela Rodas  
**Espazo sonoro:** David Alonso  
**Asesoría de movemento:** Olga Cameselle  
**Deseño gráfico:** María de las Llanderas  
**Deseño logotipo Souvenir:** Laura Merchan  
**Fotografía e vídeo:** Iria Casal

**Construción de escenografía:** Daniel Rodríguez  
**Produción:** Sabela Ramos  
**Distribución:** Mar Alonso  
**Asesoría de comunicación:** The Office Comunicación  
**Dirección técnica en xira:** Violeta Martínez  
**Técnico de son e audiovisuais:** Sol Álvarez

Co apoio da AGADIC e coa colaboración de ACT Galicia.

David e María vestidas para ir de vacacións, preséntannos o espectáculo que imos ver.

Non é unha canción, pero é algo parecido. Algo pasa entre elas, pero non é posible entender o que. Non é pasalo ben, nin pasalo mal, pero é algo parecido. Algo raro lle sucede ao espazo ou está o espazo a facer algo raro con David e María? Non é un espectáculo, pero é algo parecido.

Souvenir é unha compañía galega de teatro contemporáneo e artes do movemento dirixida por David Alonso e María de las Llanderas.

A súa primeira peza 'O que é o raio nin maldita idea' foi premiada no V Festival Pezas dun Teatro do Porvir, Galiza + Portugal (2022) organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). En xaneiro de 2024 estrean no Teatro Rosalía Castro da Coruña o seu novo espectáculo 'Non é unha canción' producido co apoio da AGADIC. Neste traballo, Souvenir explora o universo do turismo de masas e a intelixencia artificial a través do seu particular humor acedo e absurdo.

Souvenir é un espazo de encontro e de experimentación lúdica. Interésanos aquilo que está fóra do entendemento racional e da lóxica psicolóxica. A intuición, o azar, as artes do movemento e a súa combinación coa palabra son algúns dos eixos que vertebran o noso traballo. Procuramos unha forma de estar no mundo improductiva, inútil e festiva. Tamén nos encanta recoller estímulos accidentais da rúa, aos que chamamos souvenirs, e que son a materia prima das nosas pezas.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



# DOMINGO • 14 abril

18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## LAS COTTON

### Anita Maravillas

Teatro de monicreques

#### Ficha artística e técnica:

Idea orixinal: Miren Larrea

Dirección: Iván Alonso

Intérpretes: Miren Larrea, Valentina Raposo /Maren Basterretxea

Música orixinal e versións: Fran Lasuen

Letra cancións: Miren Amuriza

Deseño iluminación: Ion Chávez  
Construcións de monicreques: Valentina Raposo  
Atrezzo: Ñ Jabi Tirado  
Registro audiovisual: Itxaso Díaz  
Cartel/programa de mano: Maite Gurrutxaga  
Fotógrafo: Txelu Angoitia  
Produción executiva: Ainhoa Bernaola  
Produción: Iratxe Extremiana-Portal 71  
Distribución: Rocío Pindado-Portal 71  
Colabora: Zornotza Aretoa, Topic, Harrobia  
Subvenciona: Gobierno vasco

#### Premios:

DRAC D'OR Á MELLOR ESCENOGRAFÍA "FERIA TÍTERES LLEIDA 2022"

FINALISTA PREMIO MAX 2022 AO MELLOR ESPECTÁCULO PÚBLICO FAMILIAR.

PREMIO FETEN 2021 MELLOR ESPECTÁCULO DE MONICREQUES

ESPECTÁCULO RECOMENDADO POLA REDE NACIONAL DE TEATROS

Deixando atrás os perigos do seu pobo natal a familia Cotton dirixese á cidade en busca de novas vidas e oportunidades. Entre os tellados e as luces da cidade, entre as teas, os fíos e as máquinas da fábrica, a nai e as súas dúas fillas vivirán novas aventuras e perigos descoñecidos. Pero esta vez non están soas e lanzaranse con forza ao desexo de ser felices.

Inspiradas nas loitas obreiras das mulleres na industria téxtil de principios de século nacen "As Cotton". Creamos un imaxinario visual a través da mirada dunha familia en plena revolución industrial, decidimos falar sobre a chegada da industrialización, do éxodo ás cidades, a dureza da fábrica...pero tamén queremos falar sobre o exemplo daquelas mulleres que entenderon que só xuntas poderían conseguir unhas vidas dignas.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



# VENRES • 19 abril

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



ESTREA MUNDIAL

## NEURA. UNHA COMEDIA NEURÓTICO-FESTIVA DE STE XEITO

De Ste Xeito Producións

Teatro comedia

### Ficha artística e técnica:

**Dramaturxia e dirección:** Manuel Pombal  
**Elenco:** Stephy Llaryora e Sergio Macías  
**Deseño de iluminación:** Jorge Ramos Mourín  
**Deseño de escenografía e vestuario:** Carlos Alonso  
**Produción:** De Ste Xeito Producións / Stephanie Llaryora Arana e Steve Domínguez Fernández

NEURA é unha comedia que aborda o tema da saúde mental, iso si, con minúsculas. Os nosos protagonistas conviven con teimas propias e alleas. Tentan agochar algunhas, exhiben outras orgullosos, en ocasións búscanlles tratamento, pero sempre sofren por elas.

Neura non é unha comedia romántica: Edu e Sonia, xa viviron no pasado a súa historia de amor e desamor que terminou precisamente por mor deses pequenos trastornos. Non son amigos, non son amantes. Son esa categoría difusa á que chamamos ex. Xente da que sabemos ata o seu grupo sanguíneo, pero coa que actuamos como perfectos descoñecidos.

Os azares da vida fan que volvan atoparse en distintas circunstancias. Obrigados unha vez máis a poñer a proba a compatibilidade das súas neurais. Con todo, a evolución de cada un por separado, durante estes anos, a través de diferentes terapias e pseudo-terapias fai que se reencontren cunha versión actualizada da persoa á que coñeceron.

Situacións novas e sorprendentes que nos farán viaxar dun xeito hilarante a través do mundo dos trastornos e a saúde mental. Un camiño afastado de preconceptos caducos, que confronta con sinxeleza as múltiples alteracións da personalidade. Manías das que ninguén se libra, por moito que as oculteremos ou sexan tabú.

Neura é unha comedia neurótico-festiva na que todos e todas nos veremos reflectid@s.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO





# SÁBADO • 20 abril

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



Día Mundial do Circo

## LA PUNTA DE MI NARIZ Kolektivo Kónika

Circo contemporáneo

### Ficha artística e técnica:

**Intérpretes:** Candela Casas, Elisa Strabioli, Greta Mari,

Mar-i-Cel Borrás, Michela Fiorani, Shakti Olaizola

**Directora:** Francesca Lissia

**Dirección cómica:** Jimena Cavalleti

**Formación técnica:** Fernando Melki

**Producción:** Anna Castillo (Kolektivo Kónika)

**Música:** Shakti Olaizola, Sara Martínez, Mar-i-Cel Borrás,  
Cecilia Tallo

**Iluminación:** Natàlia Ramos

**Vestuario:** Fil-i-Berta

**Escenografía:** Betty Cau

**Fotografía:** Clara Pedrol

**Diseño gráfico e vídeo:** El Gato Productions

**Acompañamento e coproducción:** Shakti Olaizola e  
Compañía "eia"

**Subvencionado:** Goberno vasco

**Distribúe:** Pista Catro

**Colaboradores:** Travesía Pyrénées de Cirque, La Centra del  
Circ, Léstruch Fabrica de creació, La Graïnerie, Cronopis  
Espai de Circ, Karola Zirko Espazio, Tub dÀssaig, Roca  
Umbert Fàbrica de Arts.

Este colectivo nace da necesidade de xuntarnos en comunidade para crear, desenvolvernos como artistas e poder indagar nesta disciplina que necesita de tempo, esforzo, axuda e moito adestramento. Gústanos a idea de utilizar outro tipo de corpos non tan visibles ás veces, fuxindo do común. Tras varios encontros esporádicos en festivais e encontros de circo, decidimos xuntarnos coa idea clara de crear un espectáculo de portes acrobáticos. Volvernos ás orixes para reconstruír unha memoria común. Costumes sen sentido aparente, pero que dan lóxica á nosa maneira de ser. Seis corpos en xogo, seis mundos. Á deriva cara a unha realidade conxunta e compartida. Coidámonos, portámonos, deslízámonos, empuxámonos. Portes acrobáticos e canto como oportunidade para deformarlo todo e convidarvos a coñecer as nosas peculiaridades moi de preto.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



DOMINGO • 21 abril

18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



## CIRQUEIRAS

### Artefeito

Circo

**Autor:** Artefeito ScoopGalega

**Dirección:** Fran Rei

**Escenografía:** Artefeito

Espectáculo con diferentes números de danza, música e humor. Cirqueiras é unha increíble gala multidisciplinar con varias das mellores artistas galegas do momento. Aéreos, danza, música e humor a cargo dunha destacada selección de mulleres. Un elenco de artistas que ademais do seu bo facer transmiten unha potente mensaxe de empoderamento e sororidade.



Día Mundial do Circo



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



GAL



65  
minutos

5€

# VENRES • 26 abril

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



Día Internacional da Danza

## EMIGRANTAS Kirenia Danza

Danza contemporánea

**Dirección:** Kirenia Martínez Acosta

**Bailaríns:** Esther Latorre e David Loira

A compañía Kirenia Danza presenta EMIGRANTAS, a primeira entrega no 2020 da súa triloxía coreográfica Os vulnerables. Esta tríade de producións enfócase no impacto da pandemia da COVID-19 nas persoas migrantes e na súa rede de afectos. A compañía demostrou o seu compromiso con este tema ao longo de dúas producións posteriores: Primeiro a vida! no 2021, e AFECTOS no 2023 que abordaron a necesidade dun cambio no modelo actual de xestión das crises sociais. Emigrantas é unha peza de danza sobre a última diáspora galega con perspectiva de xénero.

Dúas intérpretes en escena vivencian unha experiencia central na súa xeración: a emigración e o retorno da derradeira diáspora, distintas das anteriores pero mantendo o pasado na memoria.

A última vaga migratoria, debedora da crise, é multipolar e multicausal. Na pasada década 47.105 persoas entre os 20 e os 39 anos abandonaron Galicia na procura contextos laborais máis favorables. A nosa pirámide de poboación empeorou, e o problema demográfico está no centro da axenda política galega. Hai unha necesidade urxente de modificar o discurso clásico das migracións, válido para entender os éxodos transeoánicos de principios do século XX pero non os presentes.

Un grupo de mulleres creamos Emigrantas, unha peza de danza para bailar datos, estatísticas, vivencias, intuicións e posibilidades; pezas coas que tecer un ensaio bailado sobre a actual diáspora galega en compañía doutras comunidades de emigrantes, dentro e fóra da Galicia interterritorial.

O motor destas Emigrantas é pensar a presente vaga migratoria presente en complicidade con comunidades galegas no exterior e outras emigrantes en Galicia, para así construímos unha peza que nos leve xuntas diante do presente fenómeno migratorio.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



# SÁBADO • 27 abril

20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



Día Internacional da Danza

## QUALIA

### LAD Dance Company

Danza contemporánea

**Bailaríns:** Celia Vioque Moreno, María Montaíá Porta,  
Sara del Río del Peso, Pablo Bass de Fina

**Dirección e coreografía:** Iago Alonso Abad

**Deseño de escena e técnica:** Pablo del Pozo García

#### LAD DANCE COMPANY

LAD Dance Company é unha compañía de danza urbana e contemporánea creada en 2020 co fin de dar cabida a novos artistas creando novos traballos continuamente para obter unha carteleira ampla e de calidade tanto en danza urbana como en danza contemporánea, contando tanto con coreógrafos consolidados no panorama nacional e internacional como con novos coreógrafos emerxentes, dando lugar a un amplo abano de opcións á disposición dos espazos e concellos interesados. A dirección está composta por Pablo del Pozo García (Toledo, 1995) e Iago Alonso Abad (Foz, 1994)

No noso día a día creamos lugares onde sentirnos seguros, tranquilos e arroupados. Temos unha idea preconcebida desta "zona de confort" como un refuxio inalterable, onde nada nin ninguén pode entrar. Sen embargo, a realidade é outra. A enerxía das persoas pode influír neste lugar alterándoo de diversas formas. En Qualia exploramos esta inestabilidade dende o noso lado máis humano. O escenario convértese nun campo de batalla e, no seu centro, un lugar iluminado onde atopar esas sensacións que tanto anhelamos. Catro bailaríns serán os encargados de remover esa enerxía para demostrarnos que nada é o que parece.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO



# DOMINGO • 28 abril

18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO  
Praza do Rei, 1

CONCELLO  
DE VIGO



Día Internacional da Danza

## 361°

### Proyecto Tránsito

Danza-circo

#### Ficha artística e técnica:

Espectáculo: 361°GRADOS

Proxecto: TRÁNSITO, cocreado por Clara Reina e Ana Donoso Mora

Dirección escénica e dramaturxía: Ana Donoso Mora

Intérprete- creadora: Clara Reina Meneses

Espazo Sonoro: Mattia MatMar

Deseño de esfera: Pablo Puyol

Deseño de iluminación: Ana Donoso Mora

Produción: Primeira Etapa: coordina Ana Donoso Mora / asistencia Clara Reina Meneses

Asistencia artística: La Clínica Atística de Jana Pacheco (El Palomar)

Distribúe: Pista Catro

Tránsito é un proxecto de investigación artística co-creado por Clara Raíña e Ana Donoso Moura, que combina o circo e o teatro físico con procesos de creación a través da danza butoh, a anatomía experiencial, o traballo vocal, as artes plásticas e a técnica do hula hoops. A nosa finalidade é ocupar un espazo como mulleres artistas dentro do panorama cultural e especialmente en circo, sendo fieis ás nosas necesidades e ao coitado de todas as persoas implicadas no proxecto.

En 361°GRAOS facemos a nosa interpretación simbólica da realidade e da Teoría do Caos. Traducimos na escena as emocións que percibimos como caóticas, na incansable necesidade humana de ordenalas. Porque o caos vivímoloo con medo e o medo paralizanos. Neste espectáculo percorremos o camiño de aceptar que o caos é parte da vida, é a súa expresión natural, e como tal é xerador de luz e escuridade, e parte de nós. A morte de alguén, o nacemento, namorarnos, un accidente, unha nova persoa, un novo traballo, un grupo de whatsapp que non para... calquera evento que nos axite ten o mesmo orixe que o universo.

O caos e 361°GRAOS é a nosa "pareidolia" do mesmo. Cando nas minchas vemos unha tartaruga, tartaruga é unha "pareidolia". Unha pareidolia é un efecto psicolóxico que fai a nosa mente para darlle orde ao caos, poñer nome e forma a aquilo que o noso cerebro non recoñece. 361°GRAOS, é a nosa propia pareidolia da Teoría do Caos. Unha obra existencialista que traduce en imaxes a necesidade de ver o mundo como un fluxo de acontecementos (recordos) móbiles, con saltos inesperados, dinámicos e non lineais. Queremos aceptar que o Caos é o estado natural da vida. Sempre está a oportunidade de dar un xiro máis, antes que todo acabase. Parece circo, pero non o é do todo. Parece danza, pero non o é do todo. Parece unha instalación, pero non o é do todo. Creo que é un poema.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

CONCELLO  
DE VIGO





# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

- 1 O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade** á hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala.** Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
- 2 As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
- 3 As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
- 4 As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
- 5 **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.
- 6 Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
- 7 A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
- 8 Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.
- 9 Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.



## VENDA DE ENTRADAS

As entradas poderán adquirirse (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

- A través da páxina web de Giglon: [www.giglon.com](http://www.giglon.com)
- Na **Librería Libros para soñar** (Rúa Triunfo 1, baixo, Vigo), en horario de luns a venres de 10:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 horas e os sábados de 10:30 a 13:30 horas.
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no **despacho de billetes do Auditorio** (sempre que houbese entradas dispoñibles).

## DESCONTOS PARA MOCIDADE

Co obxecto de fomentar a asistencia aos espectáculos de artes escénicas da mocidade, o público menor de 25 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas soltas adquiridas anticipadamente a través de Internet para os espectáculos de adultos, co código de desconto **OTEATROMOLA** (no control de accesos do Auditorio Municipal poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade)

## ABONOS

(**Só en anticipada**, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio, **dispoñibles ata o 15 de marzo**):

**ABONO Á CARTA 5:** elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10% de desconto sobre o prezo total.

**ABONO Á CARTA 10:** elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25% de desconto sobre o prezo total.



Existen 4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e 4 ao seu carón reservadas para os seus acompañantes (de ser o caso).

No caso de adquirir entradas nesta modalidade é importante comprobar ao seleccionalas se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a cadeiras de rodas).

As entradas adquiridas destinadas a mobilidade reducida sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.

CONCELLO  
DE VIGO



# INFORMACIÓN

Teléfonos desde Vigo: **010**  
Desde móbil ou fóra de Vigo: **986 810 260**

Horario:  
**De luns a venres** - de 8:00 a 20:00 h.  
**Sábados** - de 10:00 a 14:00 h.




Descarga o programa completo

Dep. Legal: VC 662-2023



[WWW.VIGO.ORG](http://WWW.VIGO.ORG)


 @Vigo\_cultura

 vigocultura



[giglon.com](http://giglon.com)



  
Auditorio Municipal do Concello  
Praza do Rei s/n